



PRAZAS DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS E SANITARIOS

CONVOCA: CONCELLO DE SANXENXO.

CONTIDO: Selección e contratación laboral temporal de:

✓ **52 SOCORRISTAS ACUÁTICOS** e **6 SANITARIOS/AS**, para o servizo de vixilancia das praias do municipio, durante a tempada de verán do 2010. Realizaranse **contratos eventuais** por **circunstancias da produción**, dende o **10 de xuño** ata o **15 de setembro** de 2010, a 20 dos/as Socorristas e a 4 dos/as Sanitarios/as e do **1 de xullo** ao **31 de agosto** de 2010, a 32 Socorristas e 2 Sanitarios/as, podendo variar a súa duración en función das axudas recibidas e das necesidades, por mor da concesión das bandeiras azuis.

REQUISITOS XERAIS: Ser español/a, dalgún dos estados membros da U.E. ou dalgún daqueles estados nos que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola UE e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, ou estranxeiro/a residindo en España coa documentación regulamentaria para poder traballar; ter 18 anos e non exceder daquela na que falten menos de dez anos para a xubilación forzosa; estar en posesión do título de Graduado Escolar ou equivalente; non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións asignadas á praza convocada.

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

✓ **Socorristas Acuáticos:** Estar en posesión do título de **Técnico/a** en **Salvamento Acuático** e **Primeiros Auxilios** (**FESS**, **FESSGA**, **IDISSA**, **AGASP** ou equivalente) e/ou **Socorrista Acuático** da Cruz Vermella.

✓ **Sanitarios/as:** Estar en posesión do **Título** de **Licenciado/a** en **Medicina**, **Diplomado/a** en **Enfermería**, **Técnico/a Auxiliar** de **Enfermería** ou **Técnico/a** en **Primeiros Auxilios**.

PROCEDIMENTO SELECTIVO: Efectuarase mediante o sistema de **oposición** que, para os **Socorristas Acuáticos**, consistirá na execución de **dúas probas físicas** de **carreira pola area** e de **nado no mar**, con e sen material de salvamento, e na realización dun **exame tipo test** e/ou **suposto práctico** sobre o temario de **primeiros auxilios** e **salvamento acuático** que se relaciona no anexo II-apartado B das bases específicas de Socorristas (páxina 8) e, para o **persoal sanitario**, na superación dun **exame teórico** de 100 preguntas **tipo test**, sobre o temario de **primeiros auxilios** que se relaciona no anexo I-apartado A das bases específicas de Sanitarios (páxina 5) e dun **exame práctico** de **RCP básica**, seguindo o protocolo 2006 da European Resuscitation Council.

DOCUMENTACIÓN:

- ✓ Instancia, no modelo oficial que se adxunta.
- ✓ Fotocopia do D.N.I.
- ✓ Certificado médico oficial e orixinal, acreditativo de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver.
- ✓ Copia cotexada do título esixido nas bases da convocatoria ou declaración/certificación de estar en condicións de obtelo, para cada praza, antes da sinatura do correspondente contrato de traballo.
- ✓ Currículo, con fotografía recente, no que consten os títulos e a experiencia.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o **xoves, 20 de maio** de 2010, ás **13 horas**, no **Rexistro Xeral** do **Concello de Sanxenxo**.

ADMISIÓN DE ASPIRANTES: A relación dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as á convocatoria, publicarase no **taboleiro de anuncios** do Concello de Sanxenxo, dentro dos **3 días hábiles seguintes** a aquel en que remate o prazo de presentación de instancias. As persoas excluídas pola falla de documentación terán de prazo ata o **sábado, 5 de xuño** de 2010, día das **probas selectivas**, para completala e entregala.

INFORMA: **Concello de Sanxenxo**. Consistorio, 4 (36960) SANXENXO. Tif. 986 720 075 Fax 986 721 022 / www.sanxenxo.es/adjuntos/cTexto/131/salbasessalvamento2010.pdf